


# **ANAIS**

## **VII EIEM - Encontro Internacional de Estudos Medievais**

**Idade Média: permanência, atualização, residualidade**



**Roberto Pontes | Elizabeth Dias Martins  
(Organizadores)**

## **ANAIS**

### **VII Eiem - Encontro Internacional de Estudos Medievais**

**Idade Média: permanência, atualização, residualidade**

## VII ENCONTRO INTERNACIONAL DE ESTUDOS MEDIEVAIS

3 a 6 de julho de 2007

UFC – *Campus Benfica* – Fortaleza

**Diretoria da ABREM – Biênio 2007-2009:** Presidente: Maria do Amparo Tavares Maleval (UERJ) – Vice-presidente: Mário Jorge da Motta Bastos (UFF) – Primeiro secretário: Leila Rodrigues da Silva (UFRJ) – Segundo secretário: Andréia Cristina Lopes Frazão da Silva (UFRJ) – Primeiro tesoureiro: Carolina Coelho Fortes (UGF) – Segundo tesoureiro: Bruno de Melo Oliveira (UFF) – Departamento de comunicação social: Geraldo Augusto Fernandes (USP)

**Conselho Consultivo:** Evanildo Cavalcante Bechara (UERJ) – Hilário Franco Júnior (USP) – José Rivair Macedo (UFRGS) – Luís Alberto De Boni (PUC/RN) – Maria Helena Martins Ribeiro da Cunha (USP)

**Realização:** Universidade Federal do Ceará – Departamento de Literatura

**Apoio:** Capes, Xunta de Galicia, Sebrae-Ce, Adufc, Curso de Mestrado em Letras/Literatura-UFC, Núcleo Antonio Cândido de Estudos de Literatura e Sociedade-UFC, Super Mercadinhos São Luiz, Santa Clara Café

**Coordenação geral:** Roberto Pontes (UFC).

# SOBRE A SUPOSTA CRASE DE QUE NA POESÍA TROBADORESCA GALEGO-PORTUGUESA\*

Manuel Ferreiro  
Universidade da Coruña

É teoría asentada desde hai moitos anos que as conxuncións *que* e *ca* non presentan crase na lírica trobadoresca galego-portuguesa, do mesmo modo que, en principio, tamén non permiten sinalefa co vocáculo seguinte. Foi o ilustre investigador brasileiro Celso Ferreira da Cunha, quen, de modo sistemático, a partir do estudo da produción literaria de Paio Gomez Charinho e Joan Zorro, estableceu que “este encontro [*que* + vogal (tótona ou átona)] resolvía-se de regra em hiato” (Cunha, 1982, p.47), demostrando como neses poetas non se achán excepcións á regra.

No seu estudo, Cunha confirma a crítica que Nobiling fixo á edición do *Cancioneiro da Ajuda* de Carolina Michaëlis de Vasconcelos a respecto desta cuestión, de modo “que os poucos exemplos de elisión (ou sinalefa) do -e que nele se encontram provém geralmente de viciosa interpretación do manuscrito, suscetíbel, nesses passos, de leitura diversa e não infringente à regra hiatista” (Cunha, 1982, p.47). Efectivamente, o tamén investigador brasileiro Oskar Nobiling (1907, pp.346-347) propón solución xeralmente satisfactoria para oito pasaxes en que a editora considerara a elisión da vogal de *que* por problemas métricos, por medio dunha relectura e reinterpretación más certa dos manuscritos<sup>1</sup>: 18 [B44], v. 23; 23 [B49], v. 39; 38 [B64], v. 9; 97 [B124], v. 23; 186 [B200], v. 20; 212 [B228], v. 7; 295 [B336], v. 1; 439 [A274], v. 9.

Nesta mesma liña, Cunha aborda a análise dos textos de Don Dinis a partir da edición de Lang: “o mesmo se podería dizer das contraccións de *que* + *vogal* colhidas por Lang, na obra de D. Denis, e por Nunes, nas cantigas de amor e de amigo, que publicou” (p.48). Analiza coa sua habitual acuteza investigadora doce contextos en que a edición do editor alemán supuña a existencia dunha sinalefa, resolvéndoos acaidamente. Sen considerarmos o caso da cantiga anónima tardía 622 [B605-606/V208], acha solución para esas hipotéticas sinalefas derivadas do texto establecido por Lang, que se demostra errado nas cantigas 496 [B498/V81], v. 8; 561 [B544/V147], v. 17; 573 [B556/V159], v. 7; 577 [B560/V163], v. 2; 578 [B561/V164], v. 7; 580 [B563/V166], v. 15; 585 [B568/V171], v. 19 (e v. 22); 598 [B581/V184], v. 3; 605 [B588/V191], v. 10; 609 [B592/V195], v. 19; e 612 [B595/V198], v. 14. Canto á cantiga 617 [B600/V203], r1 (*pois qu' a el praz*), considera Cunha que fai parte das cantigas “paralelísticas, gênero em que a igualdade silábica dos versos carece de importânci”. Mas nesta cantiga de Don Denis hai perfecta “igualdade silábica”, neste caso no refrán, xa que é certamente posibel a sinalefa *a\_el* (*pois que a el praz*).

Eáinda prosegue o estudo dos encontros de *que* con vogal nas “Novas observações sobre o hiato”, recollidas no mesmo volume de 1982, sempre a tratar de hipotéticas sinalefas.

Con estas bases, Cunha reafirmase na inexistencia de sinalefa e xeneraliza para todo o período da lírica galego-portuguesa tal principio que, para ser confirmado definitivamente, exixe un traballo de levantamento rigoroso de todos os casos e o estudo métrico-editorial pormenorizado dos problemas, que, por razóns de espazo, deixamos para un estudo máis alargado da cuestión<sup>2</sup>: só o rexistro exhaustivo de todos os posíbeis casos de sinalefa ou crase

1. Para as referencias ás cantigas, utilizamos o sistema de D'Heur, coas correccións incorporadas por J. M. Montero Santalla (2000, pp.55-101).

2. Nun futuro traballo, é a nosa intención analizarmos tamén o comportamento de *ca* e *se* para, xuntamente co estudo sistemático de *que*, podermos tirar conclusóns sobre o corpus completo da lírica profana galego-portuguesa.

de *que*, *ca* e *se* pode subministrar os datos definitivos para xeneralizar a regra establecida por Cunha para un período de 150 anos, en que as mudanzas lingüísticas puidieron provocar cambios que xustificasen un diferente comportamento para a medida nalgúns trobadores.

Infelizmente, as observacións e correccións de Nobiling e Cunha non foron incorporadas á compilación máis recente do corpus da lírica profana galego-portuguesa, coordinado pola profesora Mercedes Brea, que, en 1996, reuniu o corpus profano a partir basicamente das edicións críticas dos trobadores, e tamén co recurso ás edicións de xénero de Carolina Michaëlis de Vasconcelos, José Joaquim Nunes e Manuel Rodrigues Lapa para aqueles cancioneiros que áinda non foran editados individualmente na altura.

As características da elaboración desta vulgata explican, pois, que, para além de numerosos contextos de aparente sinalefa, no corpus se detecten algunas crases da conxunción *que*. No presente relatorio queremos revisalos e propor solución para evitar a crase, prescindindo dos contextos que aparentemente exixen sinalefa e que foron xa parcialmente estudiados e resolvidos por Nobiling e Cunha.

Ben é certo que algunas desas crases xa foron resolvidas por outros editores que publicaron as suas investigacións apósto a aparición da compilación compostelá.

1. O texto da finda da cantiga 911 [B909/V496], de Roi Fernandiz de Santiago, establecía unha crase no v. 26 conforme a edición de Nunes (1972, p.329):

Ca non querrá Deus nen Amor  
qu' eu ley[xar]-vos queyra, senhor.

O texto agora fixado pelo editor galego X. B. Arias Freixedo na súa Tese de Doutoramento (1998), a partir dunha lectura criteriosa dos manuscritos<sup>3</sup> (<Ca non queira d's nen amor / Que uolea nō queyro senhor> B, <Ca nō querra des nen amor / queuoleyus queyra senhor> V), fica convenientemente esclarecido, xustificado e acorde coa lección manuscrita (Arias Freixedo 1998, p.279 e 285):

Ca non querra Deus nen Amor  
que vo-l' eu non queira, senhor.

2. A aparición da edición crítica do trobador Afonso Sanchez, obra da tamén investigadora galega Mariña Arbor Aldea, resolve perfectamente dúas pasaxes en que o texto tradicionalmente establecido por Nunes contemplaba a existencia de dúas crases.

2.1. A primeira das cantigas, 376 [B408/V19], presentaba para o v. 16 un texto que alteraba a lección dos manuscritos (<esse iuu / cōueer dal guen> B, <esfeuuus cōueer / dal guen> V), coa versión “e se vos conveer qu' alguen” (Nunes, 1972, p.24), agora restituída e explicada convenientemente: “e se vos conveer d' alguen” (Arbor Aldea, 2001, p.140, 149).

1.1. Por outra parte, na cantiga 381 [B413/V24], v. 21, tamén na edición de Nunes (1972, p.34) aparecía unha crase de *que* (*mais aquele qu' en vós manda*) a partir dos apógrafos italianos: <mais aquele que queuos manda f> B, <mais a quele que que uos manda f> V. A edición crítica establece unha lección más certa conforme os manuscritos e o sentido do poema: “mais aquele que vos manda” (Arbor Aldea, 2001, pp.192, 205).

3. Na transcripción dos manuscritos (A, B, V) desenvolvemos em itálica as abreviaturas que poden provocar dificultades tipográficas.

3. Por súa parte, Rip Cohen (2003), o último editor do corpus das cantigas de amigo, transcribe correctamente o refrán da cantiga 1293 [B1276/V882], probabelmente incompleta, que no v. 5 contiña unha crase na edición tradicional de Nunes (1973, p.440):

por mí Deus [dê] a vós grado;  
e dizen-mi qu' é coitado  
por mí o [meu] perjurado.

A lección dos manuscritos, particularmente a do v. 5 (<E dizen mi que e coytado> B, <edizen mi que e cuidado> V) xustifica a nova versión:

por mí: Deus, a vós grado;  
e dizen-mi que é coitado  
por mí o perjurado.

4. Un caso particular é o constituído pola cantiga 763 [B747/V348] de Joan Garcia de Guilhade que, para alén dos outros problemas editoriais que presenta a estrofa, semella o mito do eterno retorno canto á lectura do v. 16, ben editado na edición deste trobador en Nobiling (1907, p.683), de onde procede o texto de Brea 1996. Mais na edición das cantigas de amigo realizada por Nunes é de novo incorrectamente interpretado, introducindo unha crase desnecesaria: *que trag' e qu' é maravilha*. E áinda, na recente edición das cantigas de amigo de R. Cohen (2003, p.236), se produce outra innovación editorial (*que trag' a gran maravilha*) que achamos inconveniente para o verso e a estrofa<sup>4</sup>:

Sej' eu morrendo con coita,  
tamanha coita me filha;  
e dé-mi a coit', é coita  
que trag' e que maravilha.

Vexamos agora os restantes casos localizados con crase en *que* no corpus profano recompilado en 1996.

1. Nalgúnha ocasión, como no v. 7 da cantiga 810 de Paio Gomez Charinho [B814-815/V398], a presenza de *qu' eu* é un simple erro de lectura e/ou interpretación do seu último editor (Henrique Monteagudo), que, neste caso, segue as ediciones de Braga (1878, p.75) e Machado (IV, p.120), estragando a correcta lección xa establecida previamente por Nunes (1972, p.251) e Cotarelo (1934, p.201): o verso (decassilábico) “*Mui fremosa, que eu por meu mal vi*” responde perfectamente ao transmitido polos manuscritos: <*Muj fremosa que eu p' meu mal uj*> B, <*Mui fremosa queeu premeu mal ui*> V.

2. Existen polo menos dous casos en que a edición tradicional establece unha lectura *qu' é assi* a partir das coincidentes lecturas dos manuscritos *que é assi*: é o que acontece nas cantigas 509 [B511/V94], v. 7 (*Grave vos é, ben vej' eu que é assi*), e 808 [B812/V396], v. 9 (*e que seja verdade que é assi*), onde transparece unha clara sinalefa *é\_assi* que se pode documentar en numerosas cantigas (vid., por exemplo, *nen querran ja; e, pero est' é assi* (924 [921/V509], v. 12, decasilabo), *meu amigo, que é assi* (1224 [B1208/V813], v. 14, heptasilabo), áinda que é máis frecuente a crase *é\_issi* (179 [A89/B193], v. 30; 246 [A140/B261], v. 15; 258 [A150], v. 22; 284 [A177/B328], v. 16, 893 [A299], v. 23; 1110 [B1108/V699], v. 5; 1569 [B1550], v. 32; etc.), que, significativamente presenta a alternancia crase/sinalefa en A/B: 218 [A118/B234], vv. 8 e 11).

4. O texto que agora presentamos difire das ediciones anteriores, mesmo da que presentamos no VI Congresso da ABREM en 2005 (*Actas no prelo*) sobre problemas de edición no trobadorismo profano galego-portugués.

3. Noutras ocasións, xulgamos que resulta clara a existencia dun erro na transmisión manuscrita e que os diversos editores resolveron contraditorialmente:

3.1. En primeiro lugar, na estraña cantiga de Pero Viviez, "A Lobaton quero eu ir" (429 [B448]), no v. 31, na sua edición crítica estabelécese unha lectura *pola melhor das qu' en sei* (<*pola melhor das quen sey*> B), continuando o texto fixado por Nunes (1972, p.45) e Machado (II, p.283), facendo constar o seguinte: "Non c'è dunque ragione di modificare la lezione del ms., sebbene il Cunha *Estudos*, pp. 135-170, voglia generalmente (ma non cita questo caso) ripristinare anche *que en* in iato" (Beltrami, 1974, p.52).

Mais nos manuscritos son frecuentes as confusións *que/quen*, como se pode comprobar, por exemplo, en 343 [A228, B418 e 426, V29 e 38], r1, onde aparece *quen* nunha das versións de B e V frente a A.

Aliás, nas expresións semellantes do corpus, non achamos a presenza do pronome *en*, facto que parece confirmar o erro da transmisión manuscrita no caso anterior:

direi-lhes ca ensandeci

pola melhor dona que vi (170 [A81/B184a], r2);

...pois eu moir' assi

pola melhor dona de quantas vi (1091 [B1089/V680], v. 23).

3.2. Un caso semellante é o que encontramos na cantiga 1478 [B1459/V1069], de Joan Baveca. O v. 6 presenta un problema de interpretación dos manuscritos, por tanto se percibe que na transcripción de B e V existe algún elemento sobrante: <*Q nene conbrades ca esse noue tal*> B, <*queue cobrados ca esse nō e tal*> V.

A edición de Machado (VI, p.161) suxire un verbo *encobrir*, cunha anómala forma *enconbrades* de presente de subxuntivo: *Qu enconbrades, Ca ese non [h]e tal*. Nas edicións posteriores (Lapa, 1970, p.297; Zilli, 1977, p.173), estabelécese a forma *cobrados* (P5 do presente de subxuntivo de *cobrir*, con radical aínda non nivelado analoxicamente, como acontece con frecuencia nestes verbos e se pode documentar no mesmo corpus (588 [B523a e 570bis, V116 e 174], v. 14):

E, quand' el ven u vós sodes, razon  
quer el catar que s' encobra e ten  
que s' encobre, pero non lhi val ren...

Mais estes mesmos editores tamén consideran a presenza do adverbio pronominal *én*, na súa forma plena no editor portugués (*qu' en cobrados, ca esse non é tal*) e con crase da vogal inicial no editor italiano (*que 'n cobrados ca esse non é tal*).

Porén, nós xulgamos que tanto en B como en V existe unha repetición do desenvolvemento da abreviatura de *que*, de modo que a lectura do verso debería expunxir o elemento adventicio, ficando o verso con sentido perfecto, recuperando a lectura inicial de Braga (1878, p.204):

e conselho-vos que catedes al  
que cobrados, ca esse non é tal  
que vos vós so el muito non molhedes.

3.3. Na cantiga 1605 [B1595/V1127] de Pero Amigo de Sevilha localizamos un contexto en que aparece un outro problema de suposta crase de *que* co pronomo persoal *eu*, no v. 7 (decassilábico), que presenta lección coincidente en B e V: <por queu moyra migos mal pecado>. A lectura de Lapa (1970, p.461) e Marroni (1968, p.298), face a Braga (1878, p.461) e Machado (VI, p.299), que conservan a lección hipométrica dos manuscritos, son coincidentes na restauración da vogal final da forma verbal: *por qu' eu moir[fo], amigos, mal pecado.*

Efectivamente, a hipometría do verso exixe a restauración de un elemento no verso, que, na nosa opinión, se debe facer na forma da conxunción, evitando, deste modo, a crase comentada: *por qu[e] eu moir', amigos, mal pecado.*

4. Existe outro grupo de crases en que a presenza da hipotética crase vén determinada por unha interpretación das secuencias manuscritas que poden ser lidas –achamos– de maneira diferente:

4.1. Na cantiga 240 ([A134/B255]), v. 20, de Roi Queimado aparece unha hipotética crase *qu' én* xa desde a edición de Carolina Michaëlis de Vasconcelos:

... sei al por én:  
que morrerei, se a non vir e qu' én  
sofr' eu tantas coitas tan gran sazon.

Mais a secuencia manuscrita *quen* (<*quen*> A, <*quen*> B) pode ser interpretada como un pronomo relativo-interrogativo sen problemas:

... mais sei al por én:  
que morrerei, se a non vir; e quen  
sofreu tantas coitas tan gran sazon?

Neste caso, xa a solución de Machado (I, p.26) ía nesta dirección ao interpretar este fragmento como unha secuencia admirativa.

4.2. A cantiga 301 ([A190/B341]), v. 14, de Roi Paez da Ribela, presenta un problema semellante ao anterior. A edición de D. Carolina, que segue A, establece unha crase *qu' é* na lectura do *que* de A e B:

E vej' a muitos aqui razōar  
qu' é a mais grave coita de soffrer  
vee-la om(e) e ren no[n] lhe dizer.

O mesmo fai o autor da edición crítica, Barbieri (1980, p.45), seguindo B:

E vej' a muitos aqui razōar  
qu' é a mays grave coyta de sofrer  
vee-la home e ren non lhi dizer.

Por súa parte, en Machado (I, p.100), achamos unha solución que non fai sentido para a correcta interpretación destes versos:

E uey a muitos aqui razōar  
Que a mays grau [h]e coyta de sofrer  
Vee la home e ren non lhi dizer.

Se partirmos da convicción da inexistencia de crase de *que*, a solución reside, sen dúvida, en procurar o verbo noutra secuencia do texto:

E vej' a muitos aqui razōar  
que a mais grave coita de sofrer  
vee-la om' é, e ren non lhi dizer.

4.3. Polo feito de a compilación de Brea (pp.235-236) establecer o texto do cancionero de D. Denis a partir da edición de Lang, rexístranse numerosos casos de crase, xa resolvidos por Cunha (vid. *supra*), mais fica ainda máis outro que non foi recollido polo investigador brasileiro, aínda que xa fora tratado por Nobiling (1907, p.348). Trátase da cantiga 497 [B499/V82], en que Lang, o mesmo que Braga (1878, p.11), considera a existencia de crase no v. 7:

e, senhor, non vos venh' esto dizer  
polo meu, mais porqu' a vós está mal.

Na realidade, unicamente V amostra unha aparente crase, contrastando con B, que ofrece a lección correcta: <Polo meu mays por que u9 esta mal> B, <polo meu mays por quea u9 esta mal> B. Deste modo, B testemuña a construcción *estar mal* (presente noutros contextos do corpus: “pero mal está migo” (1146 [B1143/V735], v. 3), “mais está-vos mal” (1337 [B1320/V925], v. 16), “pois d’ amigos mal está” (1652 [B1640/V1174], v. 13), presente tamén nos vv. 8 e 14.

4.4. Na cantiga 1432 [V1022], de Joan Soarez Coelho, o v. 17 presenta unha lección <pero quessa entençō deti falaua> que foi unanimemente interpretada por todos os editores como *pero qu’ esa entençō de ti falava*, con suposta crase da concuxión *que* co demostrativo *essa*. Así, o texto lapiano (1970, p.365), continúa o de Braga (1878, p.194), corrixindo a hipometría do v. 18:

—Pero, Lourenço, pero t’ eu oía  
tençō desigual e que non rimava,  
pero qu’ essa entençō de ti falava,  
[o] Demo lev’ esso que teu criia.

E o mesmo faz Giuseppe Tavani (1964, p.97), con solución levemente diferente para o v. 18, en que propón “Demo lev’ esso que t[e] eu criia”.

Mais a realidade do manuscrito permite facer unha outra interpretación, mantendo a fidelidade literal a V, pois que podemos ler “pero que sa entençō de ti falava”, xa que nesta composición Joan Soarez Coelho está a falar dunha “entençō” furtada por Lourenço a Joan Garcia de Guilhade.

4.5. Na cantiga 1445 [V1035], de Lourenço, aparece no v. 6 unha crase entre a concuxión *que* e o verbo *estar* nos editores modernos (Lapa, Tavani) como lectura de <*que staū / uosco en pecado mortal*>, que xa Braga (1878, p.197) transcribira erradamente como “que estava vosco en pecado mortal”.

Mais xa Cunha nas “Novas observações sobre o hiato na antiga versificación galego-portuguesa” (1982, pp.143-144) interpreta correctamente a substancia lingüística do verso ao porpor “que ‘stava vosco en pecado mortal”, con sinalefa en *vosco\_en* e elisión da vogal inicial de *estar*. Semellante elisión documéntase con frecuencia en vocábulos iniciados pola secuencia [est-]: 396 [A236], v. 3: *m' ora 'stou;* 969 [B967/V554], v. 15: *ali 'stivi;* v. 21: *non 'stivo;* 1324 [B1307/V912], v. 10: *sign' en 'Stremadura;* 1441 [V1031], v. 17: *m' assi 'stou;* 1505 [B1484/V1096], v. 3: *mort' a 'storcer;* 1588 [B1578], v. 21: *quando 'sté.*

3. Fica, finalmente, unha pasaxe de Joan Airas (969 [B967/V554], v. 12) que resulta especialmente problemática e para o que non achamos solución satisfactoria:

E as aves que voavan,  
quando saia l' alvor,  
todas d' amores cantavan  
pelos ramos d' arredor,  
mais non sei tal qu' i' stevesse  
que en al cuidar podesse  
senon todo en amor.

A edición crítica (Rodríguez, 1980), recollendo o texto de Nunes (1973, p.255) melhora as edicións anteriores, respectando a lección manuscrita (<mays nō ssey tal qisteuess> V), fronte a Braga, *mays nom sey tal qu' estevesse* (1878, p.106) e Machado, *mays non sey tal qu' isteuess* (IV, p.341), considerando a presenza do adverbio *i*, en relación ao inicio da seguinte estrofa: *Ali 'stivi eu mui queda...* Mais talvez sería preferíbel unha solución *mais non sei tal qu[e] stevesse*, de novo con presenza da forma *'star*, documentada *supra*.

A teor destes datos, semella confirmada a teoría tradicional, fundamentalmente desenvolvida por Celso Ferreira da Cunha nos *Estudos* xa citados, especialmente no que di respecto á suposta crase de *que* na lírica profana galego-portuguesa. Se a estas consideracións acrecentamos os casos recollidos na edición de Mettmann das *Cantigas de Santa María*, a realidade da afirmación é ainda máis patente por canto todos os casos da lírica relixiosa poderían ter solución satisfactoria por medio dunha outra lectura e transcripción diferente á do editor alemán: na maioría dos casos localizados, na liña doutras elisións vocálicas ben documentadas nas *Cantigas de Santa María* (*quisera 'mon, e 'n, vila 'sta...*) en lugar da crase *qu'en* (prep.) ou *qu'el* (art.) pódese considerar unha transcripción *que 'n e que 'l*, respectivamente (vid. CSM 31.46, 113.8, 223.16; 38.22, 237.76; en CSM 308.9 e 311.17: *que é 'n*); algo semellante acontece no encontro de *que coa secuencia [est-]* (cf. *supra*): CSM 62.44, 365.23 (neste caso: *que é 'sta*). E fican outros contextos en que a solución debe ser diferente: en CSM 52.20 Mettmann fixa a lectura *qu' en un vale* que podería ser lido *que nun vale* (*Ant' a eigrexa que nun vale jaz*); en CSM 107.14, a secuencia establecida como *peña qu' i está* pode ser interpretada como *pen' aquí está (dúa pen': aquí está / muit' alta e muit' esquiva)*; finalmente, coidamos que en CSM 423.26, *qu' é luz* é susceptíbel de ser lido differentemente a través da consideración de *luz* como terceira persoa do verbo *hizir*: *E u a lúa e o sol que luz / criou...*

Fican por estudar, obviamente, todos os casos en que a sinalefa semella a única solución inétrica para moitas pasaxes, algunas delas estudiadas por Cunha nas “Novas observações...”, que exixen un achegamento moi demorado do que o presente relatorio.

E haberá, aliás, que estudar o comportamento das outras partículas postas en causa (*ca, se*), así como as supostas sinalefas que transparecen en diversas edicións, para vermos se

a posibilidade de lecturas alternativas confirman definitivamente e sen excepcións a doutrina do ilustre investigador brasileiro. Con todo, non consideramos excesivo hipotizar o carácter suposto da crase de *que*: auténtica ‘crase de papel’.

## Referências bibliográficas

- ARIAS FREIXEDO, X.B. *O cancionero de Roy Fernandiz*. Tese de Doutoramento, inédita, Universidade de Vigo, 1998.
- ARBOR ALDEA, M. *O cancionero de don Afonso Sanchez. Edición e estudio* Santiago de Compostela: Universidade, 2001.
- BARBIERI, M. “Le poesie di Roy Paez de Ribela”, In: *Studi Mediolatini e Volgari*, XXVII, 1980. pp. 7-104.
- BELTRAMI, P.: “Pero Viviae e l'amore per udita”, In: *Studi Mediolatini e Volgari*, XXII: 43-65, 1974.
- BRAGA, Th. *Cancioneiro Portuguez da Vaticana*. Edição critica restituída sobre o texto diplomático de Halle. Lisboa: Imprensa Nacional, 1878.
- BREA, M. (coord.). *Lírica Profana Galego-Portuguesa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brançuti)*. Cód. 10991, Lisboa, Biblioteca Nacional/ Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982.
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos/ Instituto de Alta Cultura, 1973.
- COHEN, R. *500 Cantigas d'Amigo*. Edição Crítica / Critical Edition. Lisboa: Campo das Letras, 2003.
- COTARELO VALLEDOR, A. *Cancionero de Payo Gómez Charinho, almirante y poeta (Siglo XIII)*, Madrid [ed. facsimilar con prólogo e apéndices de E. Monteagudo Romero]. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1984.
- CUNHA, C. Ferreira da (1982): *Estudos de Versificação Portuguesa (Séculos XIII a XVI)*. Paris: Fundação Calouste Gulbenkian / Centro Cultural Português, 1982.
- LAPA, M. Rodrigues. *Cantigas d'Escarinho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*, 2<sup>a</sup> ed. revista e acrescentada. Vigo: Galaxia, 1970.
- MACHADO, E. Paxeco / Machado, J. P. *Cancioneiro da Biblioteca Nacional, antigo Colocci-Brançuti*, 8 vols. Lisboa: Edição da Revista de Portugal, 1949-1964.
- MARRONI, G. “Le poesie di Pedr' Amigo de Sevilha”, *Annali dell'Istituto Universitario Orientale*, X:189-340, 1968.

METTMANN, W. *Alfonso X el Sabio. Cantigas de Santa María*, 3 vols. Madrid: Castalia, 1986-1989.

MONTERO SANTALLA, J.M. *As Rimas da Poesia Trovadoreira Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*. 3 vols. Tese de Doutoramento (inédita), Universidade da Coruña, 2000.

NOBILING, O. "Zu Text und Interpretation des 'Cancioneiro da Ajuda'", In: *Romanische Forschungen*, XXIII: 339-385, 1907.

NOBILING, O. "As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade. Trovador do século XIII", In: *Romanische Forschungen*, XXV: 641-719, 1908.

NUNES, J.J. *Cantigas de Amor dos Trovadores Galego-Portugueses*. [1<sup>a</sup> ed.] Lisboa: Centro do Livro Brasileiro, 1932.

RODRÍGUEZ, J.L. *El cancionero de Joan Airas de Santiago*, Anexo 12 de Verba. Santiago de Compostela: Universidade, 1980.

TAVANI, G. *Lourenço. Poesie e tenzoni*. Modena: Società Tipografica Editrice Modenese, 1964.

VASCONCELOS, C. Michaëlis de. *Cancioneiro da Ajuda*. Reimpressão da ed. de Halle. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1990.

ZILLI, C. *Johau Baveca. Poesie*. Bari: Adriatica, 1977.